



Deputación
DA CORUÑA

Nº14

27/09/2017

Boletín de Medio Ambiente

GR 94 – Rural de Galicia



Descrición: Sendeiro de gran percorrido que comunica a cidade de Vigo con Santiago de Compostela. Podería denominarse a senda das pontes, pois os seus sendeiristas pasan a través de 5 pontes distintas, sendo a ponte colgante da área recreativa do Xirimbao, e que une os Concellos de Teo na provincia da Coruña e A Estrada na provincia de Pontevedra, o máis destacable.

Distancia: A súa extensión é de 126 km desde a cidade de Vigo. Entra na provincia de Coruña por Pontevedra, no Concello de Teo.

Dificultade: Alta, recoméndase facer por etapas debido ao seu percorrido abrupto.

Noticias

O lixo tecnolóxico contamina o sangue

Un grupo de indagadores da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria e o Hospital Insular, levou a cabo un estudo que analizou o sangue de 245 inmigrantes de 16 países diferentes do continente africano.

Os resultados revelan que o sangue do 100% dos suxeitos contiña restos de aluminio, arsénico e vanadio. Pero o que máis chama a atención do estudo é que metais utilizados nos compoñentes de teléfonos móbiles se atoparon no mesmo nivel que nos cidadáns dos países máis desenvolvidos. Os autores do estudo teñen claro que isto se debe a que o 80% do lixo tecnolóxico acaba no continente africano.

Fonte: El Mundo

Un autobús eléctrico percorre 1.772 km sen recargar

O fabricante estadounidense Proterra acaba de anunciar que o seu autobús eléctrico *Catalyst E2 Max* bateu un novo record de autonomía: o vehículo conseguiu percorrer 1.772 quilómetros cunha única carga de batería.

Se ben é certo que isto foi posible grazas a que o percorrido se desenvolveu nunhas condicións de condución pouco realistas comparadas co uso cotián que se daría a un autobús: o vehículo ía sen pasaxeiros nin carga, discorría por un circuíto sen cambios de nivel e sen tráfico que modificase o ritmo de marcha.

Fonte: La Vanguardia

A moda faise sustentable

A industria textil leva décadas instalada nas antípodas da sustentabilidade, e con todo algo empeza a moverse. Reciclarse ou morrer.

O deseñador Moisés Nieto recoñece que Ecoembes impulsou esta iniciativa “Digamos que a sustentabilidade chegou á marca a partir da colaboración con Ecoembes. Con isto non quero dicir que non me interesase, senón que o vía como algo remoto [...] o momento en que a moda sexa de verdade sustentable véxoo aínda afastado”. Así, aceptou o reto de elaborar unha colección elaborada co 80% de materiais reciclados.

Doutra banda, a marca “Cristalinos” recoñece que “O reto foi lograr que a xente non o note. Si non o digo, a xente non vería a diferenza. E cando se decatan a posteriori sorpréndense: cústalles crer que o 80% dos tecidos usados proceden do PET das botellas de plástico, moitas veces recicladas do fondo dos mares”.

Fonte: El Mundo

Un bosque de 19.000 m² formado por unha soa árbore

Este particular bosque que cobre máis de 19.000 m², que está composto por unha soa árbore, atópase nunha rexión do estado indio de Andhra Pradesh, ao leste da reserva forestal de Kadiri.

A árbore coñécese como Thimmamma Marrimanu e pertence aos chamados banianos ou hígueras de Bengala, unha especie endémica de Bangladés, India e Sri Lanka.

As sementes germinan nas gretas da cortiza doutra árbore, crescendo ata que as raíces aéreas forman un pseudotronco que acaba por devorar á árbore hóspede e expandíndose aos poucos ata crear unha amalgama de ramas e troncos increíble.

Fonte: Muy Interesante

O buque cruceiro máis ecolóxico deséñase en Getxo

A firma vasca naval *Oliver Design* deseñou o seu último gran proxecto co que pretenden cambiar a industria dos cruceiros. Co obxectivo de “demostrar a armadores e construtores que é posible lograr un transporte naval máis sustentable” nace a idea deste cruceiro de alta gama respectuoso co medio ambiente. “A súa función non é outra que servir de universidade flotante”. O pasaxeiro non só vai de vacacións senón a aprender e traballar con vistas a optimizar os recursos.

Fonte: El País

A planta de Servia recupera 37 de cada 100 quilos de lixo

A planta de reciclaxe da mancomunidade Serra do Barbanza conseguiu situarse á cabeza de España na reciclaxe de residuos, xa que de cada 100 quilos de lixo, 37 son reciclados, unha porcentaxe que se sitúa moi por encima do 11,8% da media galega e do 29% da estatal.

As instalacións de Lousame obtiveron bos resultados na recuperación de cartón (62%), envases lixeiros (52%) e materia orgánica (35% fronte ao 5% da media galega).

Fonte: La Voz de Galicia

Sabías que...

É moi importante ler as etiquetas dos alimentos que compra? Si na etiqueta atopa algún destes ingredientes, coidado, pode ser transxénico!: emulgentes (lecitina-E322), mono e diglicéridos de ácidos grasos (E471), almidón, glicosa, jarabe de glicosa, fructosa, dextrosa, maltodextrina, isomaltosa, sorbitol (E420), caramelo (E150)...



Boas Prácticas

O Concello de As Pontes implanta un proxecto de compostaxe doméstica e vermicompostaxe

O obxectivo é promover a reciclaxe da materia orgánica en orixe e reducir a produción de residuos domésticos.

O Concello de As Pontes de García Rodríguez, co apoio de Sogama, implantará un proxecto combinado de compostaxe doméstica e vermicompostaxe, pioneiro en Galicia, que ten por obxecto reciclar a materia orgánica en orixe e, por tanto, cerrar o círculo de aproveitamento da mesma nos propios fogares.

Fonte: Retema

Limpeza de lixo nos mares do país

A Sociedade Española de Ornitoloxía, SEO/Birdlife, e Ecoembes puxeron en marcha o Proxecto Libera, un proxecto destinado á recollida de lixo nos espazos naturais españois a través da colaboración cidadá.

Os días 29 de setembro ao 8 de outubro prodúcese o encontro “1m² polas praias e os mares 2017”, no que as entidades, asociacións e grupos de interese saíran á praia e ao mar na zona natural máis próxima para reducir o lixo e residuos que hai na natureza a cero.

Fonte: SEO/Birdlife

Australia está a piques de xerar sustentablemente toda a enerxía que necesita

A enerxía limpa en Australia vai á alza. Actualmente teñen a capacidade de producir suficiente como para fornecer ao 70% dos fogares do país con enerxías renovables. Concentráronse en expandir proxectos hidroeléctricos, parques eólicos e celas solares. Cando se finalicen os novos proxectos relacionados con incrementar os eólicos e construír e instalar moitas máis celas solares, a finais de 2017, Australia podería fornecer enerxía limpa ao 90% dos seus fogares. Orixinalmente pensaron que non lograrían facer isto ata 2020, pero a diferenza farase notar xa en 2018.

Fonte: Ecooesfera

Axenda Ambiental

- 23/09/2017 – 30/09/2017 Feira ECOSENTIDOS 2017. Marbella.
- 28/09/2017 – 30/09/2017 IV Encontro Estatal e XIV Seminario Permanente de Equipamentos de Educación Ambiental. Sagunto, Valencia.
- 28/09/2017 – 29/09/2017 Xornadas sobre Calidade Ecolóxica e Estado de Conservación das Augas Continentais. Pamplona.
- 29/09/2017 – 1/10/2017 Biocultura Valencia. Feira Internacional de Produtos Ecolóxicos e Consumo Responsable. Valencia.
- 1/10/2017 Convocatoria do programa “Innovación Social para Facer Frente á Pobreza Enerxética”, Fundación Schneider Electric e Ashoka.
- 3/10/2017 – 5/10/2017 XVI Congreso Nacional de Acuicultura. Zaragoza.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal